



## Sin Buda no podría ser cristiano

Paul Knitter. Fragmenta, Barcelona, 2016. 410 páxs.

Raimon Panikkar escribía hai anos: «*Sin diálogo, las religiones se enredan en si mismas o se duermen en los amarres y naufragan... El diálogo interreligioso es una necesidad vital*» (*El diálogo indispensable. Paz entre las religiones*, Barcelona 2001, pax. 31). Este é o esforzo desde hai anos de Paul F. Knitter (Chicago, USA 1939); que dirixe a Cátedra Paul Tillich de «Teoloxía, Cultura e Relixións no Mundo» no Union Theological Seminary de Nueva York, é asesor do «Consello Internacional e Interrelixioso pola Paz», etc. e é considerado unha das figuras máis relevantes no diálogo interrelixioso, a carón doutras como John Hick e o mesmo Raimon Panikkar. O seu traballo salienta por unir dous dos movementos más significativos da teoloxía cristiá do s. XX: a teoloxía da liberación e a teoloxía das relixións. El mesmo ten recoñecido a importancia capital de ambos movementos:

*Entre los muchos signos de lo tiempos que retan hoy a las religiones, hay dos que plantean a los cristianos exigencias particularmente urgentes: la experiencia de los muchos pobres y la experiencia de las muchas religiones. No es sorprendente, por tanto, que dos de las más creativas y revitalizantes expresiones de la vida y pensamiento cristianos son la teología de las religiones, que responde al problema del pluralismo, y la teología de la liberación, que responde al problema mayor y más urgente del sufrimiento y la injusticia* (*Un diálogo necesario: entre la teología de la liberación y la teología del pluralismo*, en *Por los muchos caminos de Dios. Desafíos del pluralismo religioso a la teología de la liberación*, Quito, 2003, pax. 92).

Como teño escrito, os pobres son na súa meirande parte non cristiáns; «unha teoloxía das relixións que non os teña en conta non pode ser verdadeiramente interrelixiosa, ou será unha

teoloxía alienada» (*La búsqueda de la armonía en la diversidad*, Estella, 2014, pax. 135). Por iso, no ano 2004 Knitter chamaba a un «matrimonio entre a teoloxía da liberación e a teoloxía do pluralismo relixioso», que está sendo cada vez máis frutífero.

Paul Knitter defende que o camiño do cristián do século XXI pasa, necesariamente, por coñecer outras relixións para así volver á propia, enriquecéndo-a cunha nova visión: «facer a teoloxía –e vivir a fe cristián– de forma dialóxica» e «ser relixioso interrelixiosamente» (pax. 16). Particularmente, considera que neste diálogo interrelixioso, é fundamental o diálogo cristianismo-budismo: «*Aunque he encontrado fructíferas mis conversaciones con todas las religiones –di no mismo lugar– las más profundas, agradables y difíciles, y por ello las más gratificantes, han sido con el budismo y los budistas*».

Na súa ampla obra escrita, hai dous libros colectivos nos que Knitter expresou o seu pluralismo relixioso e a súa empatía co budismo, ademais do libro do que nos ocupamos: *The Myth of Christian Uniqueness. Toward*

*a Pluralistic Theology of Religions* (con John Hick, New York 1987), e 30 anos despois *Jesus & Buddha. Friends in Conversation* (con Roger Haight, New York 2015). Pero, ate o de agora, só estaba publicado en español o seu libro *Introducción a las Teologías de las Religiones* (Estella, Verbo Divino 2007).

Na lectura de *Sin Buda no podría ser cristiano* atopamos unha clara expresión da dobre pertenza relixiosa de Paul Knitter: «Só podo ser cristián sendo tamén budista». Pero, pode abrazarse a un tempo o cristianismo e o budismo sen caer nunha esquizofrenia ou nun híbrido confuso, ou hai que entender estas mensaxes como mutuamente excluíntes? No meu libro citado falo amplamente disto, achegándome á experiencia de R. Panikkar e Ana Mª Schlüter (*La búsqueda de la armonía en la diversidad*, páxs. 157-184). A resposta de Knitter é clara e contundente ao final do libro: «*Para mí, la doble pertenencia no solo parece funcionar ¡Es necesaria! La única forma en que puedo ser religioso es siendo interreligioso. Sólo puedo ser cristiano siendo también budista*» (pax. 366). Mesmo tivo o

seu bautizo budista («tomar refuxio») no ano 2008 na comunidade *dzogchen* de EE UU, co nome de *Urgyen Mela* («Loto salvador»): «En 1939 fui bautizado. En el 2008 tomé refugio. Puedo verdaderamente llamarme a mí mismo lo que pienso que he sido durante estas décadas pasadas: un cristiano-budista».

En *Sin Buda no podría ser cristiano* Paul Knitter enfrenta a cuestión da dobre pertenza relixiosa –para algúns discutible e áinda imposible– con rigor intelectual, e ao mesmo tempo coa verificación da propia experiencia vital. Defende a necesidade de mirar alén dos límites tradicionais do cristianismo para atopar algo de vital importancia na tarefa de comprender e vivir a fe cristiá: as outras relixións: «Cuanto más estudiaba otras tradiciones religiosas, más sentía, casi siempre dolorosamente, que mi comprensión de Jesús el Salvador necesitaba renovación» (páx. 22). Esta é a chave do libro, que Knitter sintetiza nas primeiras páxinas:

*Quiero expresar con toda la lucidez que pueda cómo mi esfuerzo por comprender y dar razón de las enseñanzas y prácticas budistas ha hecho posible*

*que revise, reinterprete y reafirme las creencias cristianas sobre: Dios, sobre la vida después de la muerte, sobre Cristo como único Hijo de Dios y Salvador, sobre la plegaria y la adoración y sobre los esfuerzos para llevar este mundo hacia la paz y la justicia del Reino de Dios* (páx. 18).

Por esa razón, tódolos capítulos do libro teñen unha estrutura común: Primeiro expresa os seus conflitos/dúbidas de fe expondo as crenzas cristiás formuladas tal como tradicionalmente se fixo. Logo describe o seu esforzo persoal por levar esas crenzas ao terreo do budismo (*Ida*). E finalmente, resume o que cre que pode aprender cando «regresa» ás súas crenzas cristiás (*Volta*).

Os sete capítulos levan títulos expresivos: I. *Nirvana y el Dios otro trascendente*; II. *Nirvana y el Dios otro personal*; III. *Nirvana y el Dios otro misterioso*; IV. *Nirvana y cielo*; V. *Jesús el Cristo y Gautama el Buda*; VI. *Oração y meditación*; VII. *Hacer la paz y ser paz*; cunha conclusión («¿Promiscuidad o hibridez?») e unha «nova conclusión» («Ambos, Jesús y Buda, igualmente importantes»).

*Honestamente no creo que sea fundado el miedo de que la doble pertenencia [religiosa] conduce a la promiscuidad o a la infidelidad... No siento que mi relación con Buda haya disminuido mi relación y compromiso con Jesús... Todos somos híbridos... Pero ser híbridos religiosos no significa que no tengamos una identidad propia... Aunque mi fidelidad primera sea con Cristo y el Evangelio, mi experiencia y mis creencias cristianas no siempre han superado lo que he aprendido y vivido por medio de Buda... Cuanto más profundamente se sumerge uno en la propia verdad religiosa, más ampliamente se puede apreciar y aprender otras verdades... Para mí la doble pertenencia no solo parece funcionar ¡Es necesaria!* (páxs. 363-364 e 366).

Poderíamos fazer algunas críticas ao libro de Knitter, como que recorre un amplo abano de temas básicos da teoloxía, pero dun modo superficial. Sobre todo en algúns temas tería necesitado máis espazo para

precisar algunas cuestións confusas: a distinción entre Deus como *persoa* e Deus como *persoal*, a reelaboración da fe trinitaria ou a divindade única de Cristo, por exemplo. Tal vez, os expertos en budismo terían algunas precisións que facer ás súas propostas budistas, e os teólogos católicos atoparían precipitadas algunas das súas conclusiones cristiás.

Con todo, a proposta e a apostila de Paul Knitter, arriscada como todas as propostas/ apostas innovadoras, trae un ar fresco e innovador ao cristianismo decadente do século XXI, facendo unha relectura das crenzas recibidas do pasado e ás veces difficilmente asumibles para un cristián actual, sen renegar da tradición recibida. Como di el mesmo: «Toda buena teología es una cuestión de discontinuidad en la continuidad, de creación de algo nuevo que se fundamenta y se nutre de lo antiguo» (páx. 19).

Victorino Pérez Prieto